



O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa municipal TUSSA xestiona directamente, ademais do servizo de transporte na nosa cidade, varias instalacións destinadas ao aparcamento público, entre elas, o aparcadoiro de Xoán XXIII, situado na principal zona de acceso rodado ao núcleo histórico.

A pesar de ofrecer varios servizos complementarios á inxente cantidade de persoas, veciñas e visitantes, que ao longo do ano empregan as súas instalacións, polas informacións que dispoñemos non conta cun servizo que consideramos importante e necesario, e do que podería dispoñer cun custo moi asequible, xa que no mercado se poden atopar por menos de un centenar de euros.

Trátase dun arrancador de baterías, un mecanismo de gran utilidade nunhas instalacións con capacidade para varios centenares de vehículos, onde resulta moi probable –de feito temos constancia de casos concretos- que algún deles precise axuda para a posta en marcha, como consecuencia da eventual descarga da súa batería, simplemente polo feito de deixar prendida algunha lámpada ou cuestión semellante.

Aínda que este é un servizo que poderían prestar as compañías aseguradoras dentro da súa modalidade de asistencia en viaxe, a facilidade do seu emprego, a inmediatez e o baixo custo da súa adquisición e mantemento, fan moi aconsellable a existencia deste servizo nestas instalacións, como xa se oferta noutros aparcadoiros de pagamento na nosa mesma cidade e en moitos outros aparcamentos de España.

Tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal Popular presenta o seguinte Rogo:

Que o Goberno local se dirixa á empresa municipal TUSSA para que proceda a dotar ao aparcadoiro público de Xoán XXIII-Catedral dun arrancador de baterías, como servizo gratuíto para as persoas usuarias e que contemple a posibilidade de estender este servizo ás demais instalacións de aparcamento que xestiona no termo municipal.

Santiago de Compostela, a 15 de abril de 2016.

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela